CIENCIAS SOCIAIS. Tema 1: O planeta Terra

• Resumo do tema para ler e recordar

• Como é o Sistema Solar

O Sistema Solar está formado polo Sol, oito planetas que xiran ao seu arredor e outros corpos celestes: satélites, asteroides e cometas.

O Sol é unha estrela que desprende luz e calor.

Os planetas ordenados de menor a maior proximidade ao Sol son: **Mercurio, Venus, Terra, Marte, Xúpiter, Saturno, Urano e Neptuno.**

Os satélites son corpos celestes que xiran ao redor dun planeta e non teñen luz propia.

Os asteroides son corpos rochosos máis pequenos que os planetas, que xiran ao redor do Sol.

Os cometas son corpos celestes sen luz propia, formados por xeo e po.

• A Terra é un planeta

A Terra ten **forma esférica** pero está lixeiramente achatada nos polos.

Na superficie da Terra tres cuartas partes son de auga (mares e océanos) e a cuarta parte ocúpaa a superficie terrestre (continentes e illas).

A Terra é o único planeta do Sistema Solar onde existe vida. Isto débese a que recibe enerxía (en forma de luz e calor) do Sol; a que ten unha atmosfera con osíxeno e que a protexe das radiacións solares e regula a súa temperatura; a que ten auga líquida na súa superficie.

Na Terra distínguense **tres capas: a codia, o manto e o núcleo**. A codia é a capa máis externa e está formada polos continentes e o fondo dos océanos. É unha capa delgada e sólida, composta por rochas. O manto é a capa intermedia e o núcleo é a capa máis interna.

A Terra realiza un movemento de xiro sobre si mesma chamado de rotación. Xira en sentido contrario ás agullas do reloxo ao redor dunha línea imaxinaria chamada eixe. **Tarda 24 horas (un día) en dar unha volta completa**. Este movemento orixina a sucesión dos días e das noites.

A Terra **realiza tamén un movemento ao redor do Sol chamado de translación**. Este movemento, e a inclinación do exe da Terra **orixina**n **a sucesión dos anos** coas súas estacións. En torno ao 21 de marzo, 21 de xuño, 21 de setembro e 21 de decembro prodúcese o

cambio de estación. A Terra **tarda 365 días e 6 horas en dar unha volta completa ao Sol**. Por iso cada catro anos o mes de febreiro ten un día máis (ano bisesto).

• A Lúa é un satélite

A Lúa é o único **satélite da Terra**.

A Lúa é un astro que non ten luz propia. Tampouco ten atmosfera. Isto fai que teña temperaturas moi baixas pola noite e moi altas polo día.

A Lúa realiza tres movementos: **xira ao redor da Terra**. Tarda uns 28 días en darlle unha volta completa. Tamén **xira sobre si mesma e –xunto coa Terra- ao redor do Sol.**

Durante o seu percorrido ao redor da Terra, a parte da Lúa que vemos iluminada **amosa diferentes formas ou fases: lúa chea, cuarto minguante, lúa nova e cuarto crecente.** Cada fase dura aproximadamente unha semana.



• **Actividades interactivas do libro dixital:**

http://pdi.vicensvives.com/pdi/sociais3/program/index.html#/ap?l=474&t=70654&a=70735

1 O Sistema Solar: 7, 12, 13.

2 A Terra é un planeta: 20, 21, 22.

3 O movemento de rotación: 30, 31.

4 O movemento de translación: 38, 39.

5 A Lúa: 41, 47, 49.

R Repaso: 56.

Podedes ver os vídeos relacionados co tema que vos interesen:

Ampliación sobre os planetas do Sistema Solar. 17, 33 min

https://www.youtube.com/watch?v=pS7p6FfU4bE

Modelo que recrea os movementos da Terra arrededor do Sol. 1,03 min

https://www.youtube.com/watch?v=JkUn6CM07Es

Modelo que recrea movementos dos planetas do Sistema Solar. 4,25 min

https://www.youtube.com/watch?v=O5dypaqLAQ8

Fases da Lúa. En inglés pero as imaxes son estupendas e podedes animarvos a facelo vós. 4,15 min

https://www.youtube.com/watch?v=wz01pTvuMa0&list=RDCMUCO9J_QXxyUAhBVjI2mR5o9g&start_radio=1&t=5

Os volcáns. 3, 37 min. https://www.youtube.com/watch?v=KoarLonNiBo

Os volcáns. 2, 47 min. https://www.youtube.com/watch?v=nHKTauBNG2Y